

Código do documento	Código do expediente
USG14I01HG	USG/2020/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5K2H 5K3A 172U 6M0G 16WI	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día un de setembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.ª María Guadalupe Pombo Carril.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de agosto de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 24 de agosto de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 11 de agosto de 2020, do Ministerio de Facenda -Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local-, pola que se desenvolve a información a subministrar polas Corporacións locais relativa ao esforzo fiscal de 2018 e a súa comprobación nas Delegacións de Economía e Facenda. BOE núm. 230 do 27-08-2020.
- Resolución do 19 de agosto de 2020, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública -Dirección Xeral da Función Pública, pola que se publica a convocatoria para a provisión do posto de traballo reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional polo sistema de libre designación. BOE núm. 230 do 27-08-2020.

Código do documento	Código do expediente
USG14I01HG	USG/2020/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5K2H 5K3A 172U 6M0G 16WI	

- Orde do 14 de agosto de 2020, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se procede á modificación parcial de distintas ordes de convocatorias de subvencións financiadas por esta consellería no ámbito da formación profesional para o emprego como consecuencia da situación e evolución do COVID-19. DOG núm. 173 do 27-08-2020.
- Orde do 27 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello de Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. DOG núm. 174 do 28-08-2020.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Urbanismo, de data 28 de agosto de 2020, que transcrito literalmente di:

“DANDO CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 01 DE SETEMBRO DE 2020 DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS DA ÁREA DE URBANISMO E COMUNICACIÓNS PREVIAS.

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 31 de xullo de 2020, a comunicación previa obras, presentada por A.B.C.G., para solera de formigón de 8,00 x 3,00 m. en parcela situada en Rúa Río Tambre, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/392).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 14 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. VILABOA NÚM. 177-179 , para revisión e restauración puntual de fachada edificio situado en Avd. de Vilaboa 177-179, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/265).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 14 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.C.R.A., para reforma de cuarto de baño en vivenda situada en Rúa Alcalde Electo Carballo, Parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/309).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 14 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por C.P. RUA Largo Caballero 5-7, para obras de illamento e impermeabilización de cuberta dun edificio situado en Rúa Francisco Largo Caballero, 5-7 Parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/324).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 14 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.I.M.J. Para substitución de solados e alicatados en cocina dunha vivenda situada na Rúa Anxo Senra Fernández, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2019/328).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 14 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por D.S.N . para a limpeza e Impermeabilización de canalóns de edificio situado en Pza. de Santa Gema parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/329).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por A.R.V. para a reforma de cuarto de baño e cocina nunha vivenda situada en Dereitos Humanos, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/250).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por I.F.G. para rehabilitación dun garaxe, situado na Rúa Cangas, Parroquia de Sésamo (EXP. UAU/2019/325).

Código do documento	Código do expediente
USG14I01HG	USG/2020/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5K2H 5K3A 172U 6M0G 16WI	

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por J.M.R., para colocación de cristalera e nivelación do solo dun local sen uso situado na Avda. da Coruña, Parroquia O Burgo, (exp. UAU/2019/406).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por F.M.D.S.F. para pintura de fachada en vivenda unifamiliar situada en rúa Laxe, Parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/426).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.D.M.V., para a substitución de solado cocina en vivenda unifamiliar situada en Rúa Vixía, Parroquia de Culleredo. (exp. UAU/2019/427).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 24 de agosto de 2020, a comunicación previa obras, presentada por R.H.B. para pintado de fachada e cambio de barandilla e pavimento de terraza, en vivenda situada en Rúa Río Xallas, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/331)."

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)